



The Wild

TERRITORIO
COMANCHE →

ACTIVIDADES IN & OUTDOOR

ORIENTAVENTURA



TERRITORIO
COMANCHE →
ACTIVIDADES OUTDOOR

CLIPPING & CARVING SKI
MAPACHE


Montes Veciñais en Man Común
San Miguel de Oia - Vigo



 INMERSIA

1

A ACTIVIDADE

A actividade terá lugar o domingo 10 de xullo as 10:30 da mañá, con punto de inicio e final no parque forestal San Miguel de Oia.


Consiste nunha actividade por equipos que combina orientación con mapa e diferentes probas de coñecemento. Os/as participantes deberán percorrer a pé unha distancia variable, por terreo xeralmente de bosque, intentando localizar unha serie de puntos de control ou balizas e superando diversas probas, tanto físicas como de coñecemento.

Os equipos, dentro do tempo establecido pola organización (2.5 horas), deberán acadar o maior número de puntos posibles.

Cun alto componente estratéxico, a toma de decisións e o traballo en equipo son claves para completar a proba con éxito.

Os equipos deciden libremente a orde de búsqueda e o ritmo a seguir (andando ou correndo). Todo tempo que exceda ao establecido pola organización será penalizado con puntos.

Para acceder aos puntos de control, cada equipo deberá avanzar coa axuda dun mapa topográfico facilitado pola organización. O mapa posúe toda a información necesaria para poder avanzar con seguridade: estradas, camiños, cursos de auga, construcións, curvas de nivel...



Así mesmo, cada equipo participante irá provisto con:

- TRÍPTICO: información necesaria para que cada equipo poida responder cada unha das probas de coñecemento que realice e marcar o paso por cada punto de control.
- FOLLA DE DESCRICIÓN DE BALIZAS: Contén información relevante sobre cantos puntos vale cada baliza, unha pequena descrición de onde está, e onde se atopan as diferentes probas de coñecemento.
- BOLÍGRAFO
- TUBO PORTAOBXECTOS

Todos os nenos e nenas menores de 12 anos recibirán un tubo portaobxectos onde poder gardar cada unha das sorpresas que esperan en cada baliza. Desta maneira, ao longo do percorrido, irán aumentando o seu "tesoro".



2 A QUEN VAI DIRIXIDA

A actividade está aberta ao público xeral, establecéndose dúas categorías:

- PEQUENOS CASTORES: aqueles equipos onde algún dos/das seus/súas integrantes sexa menor de 12 anos.
- EXPLORERS: aqueles equipos onde todos/todas os/as seus/súas integrantes sexan maiores de 12 anos.

Aunque a proba ten unha duración de 2.5 horas, cada equipo decide en todo momento qué puntos realiza e cómo se despraza (andando ou correndo). Ademais, non é obrigatorio a consecución de todas as balizas.

3 PREZOS

ATA O 26 DE XUÑO: 12€/persoa, independentemente da idade (Menores de 6 anos non pagan).

DO 27 DE XUÑO Ó 6 DE XULLO: 15€/persoa, independentemente da idade (Menores de 6 anos non pagan).

O prezo inclúe:

- Material necesario para a realización da proba.
- Seguro de responsabilidade civil e seguro de accidentes.
- Para os/as menores de 12 anos, un tubo portaobxectos e regalos individuais en cada baliza ou punto de control.
- Avituallamento líquido e sólido ao finalizar a actividade.

4 INSCRICIÓN

A inscrición á actividade estará aberta ata as 14:00 horas do xoves 6 de xullo

As inscricións deberán facerse a través da nosa páxina web da seguinte maneira:

- 1.- Fai o teu pedido.
- 2.- Paga a inscrición.
- 3.- Envíanos cumprimentado o email que recibirás para ter a información dos integrantes do teu equipo.

Para calquera cuestión referente á proba, poden contactar coa organización no teléfono 609 41 43 03.

5 MATERIAL NECESARIO

Cada un dos equipos debe levar o seguinte equipamento:

- Teléfono móbil.
- Calzado e ropa cómoda de trekking.

Ademáis do material citado no parágrafo anterior, a organización recomenda aos equipos dispoñer do seguinte material:

- Calzado e ropa de reposto
- Lentes de sol, gorra e protección solar (se as previsións do tempo son favorables).
- Chubasqueiro (se hai previsión de chuvia).